

Estamento de Entidades Deportivas:

- 1.- Asociación Cultural Deportiva Albatros
(Representa: D. Miguel Reboredo Otero)
- 2.- Asociación Xadrez Ourensán Universitario
(Representa: D. Lino Hermida Araújo)
- 3.- Círculo Ferrolano de Xadrez
(Representa: D. Juan Vicente Rodríguez Rey)
- 4.- Círculo xadrez Narón
(Representa: D. Juan Manuel Caneiro Couto)
- 5.- Club de Ajedrez Escola Padrón
(Representa: D. Antonio Espiñeira Cajaraville)
- 6.- Club de Ajedrez Kárpov
(Representa: D. Ramón A. Pérez Poza)
- 7.- Club de Ajedrez Padrón
(Representa: D. Constantino Gómez Mejuto)
- 8.- Club de Iniciativas Deportivas Universitarias
(Representa: D. Daniel Codesido Sánchez)
- 9.- Club de Ajedrez Infortui
(Representa D. Miguel Visconti Vaamonde)
- 10.- Club de Xadrez Laroca
(Representa: D. Jose M. Fernández Rodríguez)
- 11.- Club de Xadrez O Toque Xiria Carballo
(Representa: D. Javier Teixeira Pazos)
- 12.- Club Deportivo Xadrez Ourense
(Representa: D. Elías J. González Gil)
- 13.- Club Xadrez Arteixo
(Representa: D. Óscar B. De Prado Rodríguez)
- 14.- Club Xadrez Bertanzos
(Representa: D. Julián del Río Rey)
- 15.- Club Xadrez Brétema
(Representa: D. Jesús Rodríguez Pérez).
- 16.- Club Xadrez Das Mariñas
(Representa D. Francisco J. García Veiras)
- 17.- Club Xadrez Fontecarmoa
(Representa: D. Roberto Vidal Valtuille)
- 18.- Club Xadrez Mos
(Representa: D. César Pérez Novás)
- 19.- Cultural Deportiva Portas
(Representa: D. Manuel Fraga Estévez)
- 20.- Escola Ferrolá de Xadrez
(Representa: D. Fco. José Pérez Díaz)
- 21.- Escola Xadrez Sigrás
(Representa: D. Francisco Pedreira Giráldez)
- 22.- Escuela Municipal de Ajedrez Puenteareas
(Representa: D. Modesto W. Vicente Rodríguez).
- 23.- TDFC
(Representa: D. Jose A. Castrillón Manso).

Estamento de Deportistas:

- 24.- D. Alexandre Rodríguez Sigler
- 25.- D. Ángel Penalonga Sweers
- 26.- D. Anxo Carreira Casais
- 27.- D. Brais Otero Nogueira
- 28.- D. Carlos Alberto Reboredo Otero
- 29.- D. Javier Fernández Costas
- 30.- D. Jose Maria Dorado Reboredo
- 31.- D. Manuel Álvarez Fernández
- 32.- D^a. Myriam Gómez Andrés
- 33.- D. Pablo Castro Girona
- 34.- D. Walter López Rodríguez

Estamento de Árbitros:

- 35.- D^a. Juana M^a Martínez Fernández
- 36.- D. Francisco J. Ogando González
- 37.- D. Evaristo Rodríguez López

Estamento de Adestradores:

- 38.- D. Diego Adrian Espiñeira Gonzalez
- 39.- D^a. Yudania Hernández Estévez

Presidentes candidatos:

- 40.- D. Jose Carlos Pena Torres
- 41.- D. Gaspar Pérez Carnero

En Vigo, sendo ás 17:30 horas do 03 de Decembro de 2022, en segunda convocatoria, e coa asistencia dos asembleístas citados na marxe, e cá presenza do Presidente e Secretario da Xunta Electoral; celébrase a Asemblea Xeral Extraordinaria da FEGAXA, có seguinte:

Orde do Día:

1. Constitución da Mesa Electoral.
2. Constitución da Asemblea Xeral da Federación Galega de Xadrez.
3. Elección a Presidente da Federación Galega de Xadrez.
4. Elección a membros da Comisión Delegada da Federación Galega de Xadrez.

1. Constitución da Mesa Electoral.

Realizado no día de onte (02/12/2022) o sorteo tal e como estipula o apartado III do Artigo 9 do Regulamento Electoral, a Mesa Electoral para a votación á Presidencia e á Comisión Delegada, queda constituída da seguinte maneira:

PRESIDENTE: D^a. Juana M^a Martínez Fernández.
SECRETARIO: D. Javier Fernández Costas
VOGAL: D. Javier Teixeira Pazos.

No subapartado c) do artigo mencionado expón que ostentará a presidencia e a secretaría os membros de maior e menor idade, respectivamente.

2. Constitución da Asemblea Xeral da Federación Galega de Xadrez.

Estando presentes 39 asembleístas dos 50 membros en total, queda constituída a Asemblea Xeral da Federación Galega de Xadrez.

3. Elección a Presidente da Federación Galega de Xadrez.

A Sra. Presidenta da Mesa Electoral informa, aos membros da asemblea, as candidaturas recibidas:

- D. Jose Carlos Pena Torres
- D. Gaspar Pérez Carnero.
- D. Jesús Rodríguez Pérez.

E tamén que recibiu por parte da Xunta Electoral a retirada, no día de hoxe, da candidatura de D. Jesús Rodríguez Pérez; polo que a lista definitiva dos candidatos para á Presidencia da Federación Galega de Xadrez é de dous:

- D. Jose Carlos Pena Torres
- D. Gaspar Pérez Carnero.

Atendendo ao apartado 5 do Artigo 24 do Regulamento Electoral: "Os candidatos poderán expor os seus programas (se o estiman oportuno), procedéndose posteriormente á votación en urna para a elección do Presidente, que será secreta."

Tal e como informouse na proclamación definitiva de candidatos, atendendo ao apartado 4 do artigo 19 do Regulamento Electoral da Federación Galega de Xadrez: "Cando o número de persoas candidatas de calquera estamento coincida ou sexa inferior ao número de membros que hai que elixir non será necesaria a celebración de eleccións polo que a ese estamento se refire, dando continuidade ao procedemento electoral."

Ao haber 2 candidaturas á Presidencia da FEGAXA e ser superior ao número de membros máximo (1), celebraranse eleccións.

Os electores presentes son chamados polo seu nome, os cales exercen o seu voto.

Concluída a votación, a Presidenta da Mesa Electoral declara pechada a mesma e ábrese a urna para o recuento.

Os resultados son:

CANDIDATO	Nº VOTOS
D. JOSE CARLOS PENA TORRES	0
D. GASPAR PÉREZ CARNERO	39

Polo que queda proclamado provisionalmente como Presidente da Federación Galega de Xadrez, D. Gaspar Pérez Carnero á espera do remate do prazo de reclamacións a esta proclamación provisional.

4. Elección a membros da Comisión Delegada da Federación Galega de Xadrez.

A Sra. Presidenta da Mesa Electoral informa, aos membros da asemblea, as candidaturas recibidas:

ESTAMENTO ENTIDADES DEPORTIVAS (3 prazas):

- Club de Xadrez Laroca.
- Club de Iniciativas Deportivas Universitarias.
- Club Xadrez Fontecarmoa.

- Club de Ajedrez Escola Padrón.

ESTAMENTO DE DEPORTISTAS (1 praza):

- D. Jose María Dorado Reboredo.

ESTAMENTO DE ÁRBITROS (1 praza):

- D. Francisco Javier Ogando González.

ESTAMENTO DE ADESTRADORES (1 praza):

- D. Diego Adrián Espiñeira González

E tamén informa que recibiu por parte da Xunta Electoral a retirada, no día de hoxe, da candidatura da entidade Club de Ajedrez Escola Padrón; polo que a lista definitiva dos candidatos para á Comisión Delegada polo Estamento de Entidades Deportivas quedaría da seguinte maneira:

ESTAMENTO ENTIDADES DEPORTIVAS (3 prazas):

- Club de Xadrez Laroca.
- Club de Iniciativas Deportivas Universitarias.
- Club xadrez Fontecarmoa.

Atendendo ao artigo 25 do Regulamento Electoral, no seu apartado 2: "O número de membros da Comisión Delegada da Federación Galega de Xadrez é de nove (9) máis o presidente que pertence á mesma como membro nato da mesma" e tamén expón "Un terzo debe corresponder ás entidades deportivas, elixíndose esta representación por e de entre os mesmos, tres (3) membros" e "Un terzo corresponderá aos demais estamentos, tres (3) membros; elixíndose esta representación por e de entre os membros de cada estamento en proporción a súa respectiva representación na asemblea Xeral".

Como o número de **candidatos á Comisión Delegada polo estamento de entidades deportivas** coincide có reflexado no parágrafo anterior (3), non se realizarán votacións.

Como o número de **candidatos á Comisión Delegada polo estamento de deportistas** coincide có reflexado anteriormente (1), non se realizarán votacións.

Como o número de **candidatos á Comisión Delegada polo estamento de árbitros** coincide có citado anteriormente (1), non se realizarán votacións.

Como o número de **candidatos á Comisión Delegada polo estamento de adestradores** coincide có reflexado no apartado 2 do artigo 25 do citado Regulamento Electoral (1), non se realizarán votacións.

Unha vez dados a coñecer os candidatos a Presidente e Comisión Delegada, e tendo en conta os artigos 24 e 25 do Regulamento Electoral citados anteriormente, a Presidenta da Mesa Electoral, D^a. Juana María Martínez Fernández, proclama PROVISIONALMENTE Presidente e Comisión Delegada.

Non habendo nada máis que tratar, levántase sesión ás 18:30 horas, remitindo este acta á xunta electoral para a proclamación definitiva de presidente e comisión delegada transcorridos os prazos de presentación de posibles recursos e resoltos estes.

Debido a causas personales o Secretario da Xunta Electoral, D. Javier Fernández Costas, tivo que ausentarse antes do término da redacción deste acta, polo que asina no seu lugar, o vogal da Mesa Electoral, D. Javier Teixeira Pazos.



D. Javier Teixeira Pazos
Vogal da Mesa Electoral

Vº e prace:



Dª. Juana Mª Martínez Fernández
Presidenta da Mesa Electoral